



PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES DE 4º INFANTIL SEMANA DO 4 AO 8 DE MAIO

Esta semana temos unha proposta de actividades que xiran arredor do MAR, ese mar que baña a nosa cidade, e que nós queremos disfrutar limpo e sen contaminar. Esperamos que disfrutedes compartindo estas tarefas cos vosos fillos e fillas. Para calquer aclaración seguimos en contacto por Remind ou nos nosos correos.

Nivel 4º A e B de Infantil				
LUNS 4	MARTES 5	MÉRCORES 6	XOVES 7	VENRES 8
DÍA NON LECTIVO	<p><u>RECICLAXE:</u> <u>PEIXES</u> <u>“KOINOBORI”</u></p> <p>Existe unha tradición preciosa no Xapón o 5 de maio, o seu Día dos nenos varóns (as nenas celebran o seu día noutra data). Ese día miles de peixes carpa ondean aos catro ventos en todo o país. Hoxe propoñemos que fagades os vosos propios “koinobori” con material de refugallo. Poderedes ver toda a información no seguinte enlace: https://www.amarilloverdeyazul.com/conozcamos-los-koinoboris-y-reciclemos-de-paso-un-poco-de-carton/</p> <p>Despois os que queirades podeades enviarnos a foto na que se vos vexa ondeando ao vento as vosas bandeiras de peixiños, ao Remind ou mail da vosa titora correspondente.</p>	<p><u>POESÍA</u></p> <p>Como estamos a extrañar a escola, e o noso traballo sobre a limpeza dos mares, vos presentamos esta poesía de Gloria Fuertes: “A escola do fondo do mar”, para traballala propoñemos:</p> <ul style="list-style-type: none"> .Escotar e memorizar .Colorear os debuxos e decorala. .Arrodear as palabras: <u>ESCOLA</u>, <u>MAR</u>, <u>PEIXIÑOS</u>, <u>CALAMAR</u> e a letra A. <p>Noutro folio facer un debuxo, pintura, collage, ...sobre o tema da poesía.</p> <p>(En internet podeades investigar sobre a autora e ver outros contos e poemas dela)</p>	<p><u>COCIÑEIROS</u></p> <p>Hoxe queremos propoñervos que nos sorprendades na cocíña. Poñede o mandil, lavade ben as mans e coa axuda dun adulto preparade unha saborosa receita de PESCADO.</p> <p>Pode ser a vosa receita favorita ou experimentar con algunha nova que atopedes pola internet.</p> <p>Recordade que comer pescado é moi bo para a saúde.</p> <p>Podeades decorar e completar a FICHA da receita que axuntamos con recortes, debuxos ou letras, pedide axuda aos maiores. Ánimo.</p>	<p><u>MATEMÁTICAS</u> <u>DIVERTIDAS</u></p> <p>A todos vos gusta moito xogar cos números, así que para rematar esta semana do mar podeades colorear este peixiño, pero eso sí, ben atentos para que cada color vaia no seu número correspondente.</p> <p>Tende coidado de non confundirvos, así cando estea rematado vai quedar super chulo.</p> <p>Para rematar podeades poñer unhas cancións para cantar e bailar:</p> <p>https://www.pinterest.es/pin/560768591091889731/</p> <p>https://www.pinterest.es/pin/364158319851580994/</p> <p>Pasádeo moi ben. E podeades facer un vídeo e compartilo!</p>

Moitos bicos e ánimo!

Iria e Ángeles



NOME:

DATA:



RECEITA:



INGREDIENTES:

SABÍAS QUE ... ?

O pescado é unha boa fonte de nutrientes.

Contén **proteínas** de alto valor, **minerais** (iodo, calcio, fósforo e magnesio), vitaminas (A, D e as do grupo B), e, sobre todo, un **tipo de grasas** moi sans, chamadas ácidos grasos poliinsaturados de cadea longa (AGPICL) da serie omega-3.

FOTO OU
DEBUXO





COLOREA CON NÚMEROS

NOME:

DATA:

1



2



3



4



5



6

